

No día de onte tivemos coñecemento, non pola man da Consellería de Educación, do borrador do **Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2020-2021**. Sobre este documento, e ante da vindeira convocatoria da mesa sectorial, que rexeita unha vez máis a participación das familias na toma de decisións que nos atinxen en primeira persoa, queremos expresar as seguintes cuestións:

1. Resulta completamente inaceptable que a Administración redacte un protocolo para o vindeiro curso escolar sen a participación dos representantes das familias. Constitúe unha mostra do peor exemplo de despotismo ilustrado. Aquilo de todo polo administrado, pero sen o administrado. O alumnado, e por extensión, as familias, constituímos o eixo, a base e o centro do sistema educativo. Pretender gobernarnos sen interlocución nin participación en normas e procedementos tan importantes como dos que estamos a falar é cando menos **antidemocrático**.
2. O texto incorpora medidas abraiantes e que provocan o noso máis absoluto rexeitamento:
  - a. A medida estrela sobre a que se edifica todo o protocolo é a posibilidade de dispoñer grupos de *illamento por burbulla* nas etapas de Educación Infantil e Primaria (“grupos de convivencia estable”) ata un máximo de 25 alumnos. Eses grupos non teñen que ter ningunha medida interna de seguridade mentres permanezan na aula; utilizarían as máscaras ao saíren dese “ámbito seguro”.

Non se considera desdobramentos de aula nos caso de máis de 25 alumnos, o que é relativamente frecuente, como tampouco cales serán as posibilidades de utilización das demais instalacións ou servizos do centro fóra de cadansúa aula de illamento.
  - b. No caso de optar por non establecer eses grupos-burbulla, determínase unha distancia dun metro entre os alumnos, medida desde o centro de cada cadeira, a partir dunha argumentación sanitaria que, de ser certa, obvia que non estamos a falar de estatuas, senón de nenos e nenas que se moven, tentar falar e interactuar entre eles, revólvense na cadeira,... e sen máscara, que disque non precisan dela cando estean sentados. Nada máis lonxe dunha medida de distanciamento social minimamente efectiva.
  - c. Un leve recoñecemento da realidade da infraestrutura física dos centros educativos levará inexorablemente a constatar:
    - a imposibilidade de entradas e saídas diferenciadas, moito menos por tramos educativos;
    - a inoperatividade do establecemento de quendas de entrada e saída, que se han facer interminables, tendo en conta o volume de alumnos e alumnas.
    - a inefectividade da vixilancia do profesorado de garda sobre o mantemento de distancias e utilización das

máscaras en espazos comúns ante o número de alumnos e alumnas.

- d. Do alumnado non só se require a utilización de máscara ou o mantemento do distanciamento, queda nas súas mans a recollida e a desinfección do material ao remate da xornada.
  - e. A utilización do servizo de comedor quedará restrinxido a moi poucos dos usuarios actuais, ademais de non se establecer criterios de preferencia de uso. A compensación pola perda de aforo, que calculamos ser de ata a sexta parte do alumnado usuario do servizo no curso anterior, suporía o establecemento de cinco ou seis quendas de comedor, cun máximo de quince minutos por quenda para realizar o xantar.
  - f. A realización ou non de actividades extraescolares queda nas mans do centro educativo, condicionada á aprobación dun protocolo anexo ao Plan de adaptación ao COVID-19 que ben poderá supoñer, en non poucos centros, a imposibilidade de levalas á cabo, coa conseguinte mingua na indispensable conciliación familiar e laboral.
  - g. Descoñécese, non entanto, as razóns sanitarias que permiten a utilización de todas as prazas dos autobuses de transporte escolar. En todo caso, de ningún xeito é aceptable que no caso de precisarse unha limitación da capacidade nos vehículos se lles dea prioridade aos que viven máis lonxe. E os demais?
  - h. Non se prevé ningunha medida de reforzo sobre o número do profesorado para desdobre de aulas, as ausencias para probas diagnósticas nin os prazos para substitucións do profesorado en corentena por ter síntomas compatibles co COVID-19.
  - i. Tampouco hai previsión ningunha canto á necesidade de máis profesorado derivada das tarefas non académicas ás que os existentes terán que facer fronte, particularmente as constantes gardas e quendas para vixilancia do alumnado en entradas e saídas, cambios de aula, recreos,...
  - j. No caso de imposibilidade de volta á educación á distancia, prevese que a formación do profesorado, e do alumnado de ser o caso, sexa no mes de setembro, sen ter en conta que a existencia de brotes de contaxio antes dese mes pode levar ao ensino telemático sen previa presencialidade.
  - k. Non parece de recibo a creación dunha comisión COVID-19 en cada centro con liberdade total para administrar e xestionar, negando así a función do consello escolar como o órgano legal que debería de ter esa función, coordinada e colexiadamente. Ademais, tal comisión está única e exclusivamente constituída por membros do cadro de profesorado, sen intervención ningunha das familias, alumnado e demais sectores da comunidade educativa.
3. Ante esta situación, demandamos da Consellería, unha vez máis, a necesidade dunha interlocución inmediata e negociación destas medidas. Esiximos a nosa presenza na mesa sectorial, xa non en igualdade cos sindicatos, senón respectando o papel que as familias temos como centro do sistema educativo.

Como CONFAPA Galicia non imos admitir que medidas que afectan directamente á calidade educativa que reciben os nosos fillos e fillas e aos dereitos sobre traballo, promoción profesional e conciliación que recolle a Constitución respecto das familias sexan recurtados de xeito unilateral pola Administración (Consellería e sindicatos), vulnerando tales dereitos. Ante esta situación, promoveremos a protesta activa, por todas as canles participativas, legais e xudiciais, contra unha situación que atenta directamente contra os nosos dereitos máis fundamentais.

Xunta Directiva CONFAPA-Galicia